



## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS PROVISIONAIS DE APTOS E NON APTOS PARA AS PROBAS DO CELGA 2

Nº expediente: ED114A

De acordo co previsto no artigo 10 da Resolución do 23 de decembro de 2015, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, no ano 2016 (DOG núm. 3 do 7 de xaneiro de 2016),

RESOLVO:

Publicar na web **www.lingua.gal** os resultados provisionais das probas para a obtención do Certificado de Lingua Galega 2 (Celga 2).

Para facilitar a súa localización publícanse por orde alfabética de apelidos.

Segundo o establecido no artigo 11.2 da devandita Resolución, as persoas interesadas, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral de Política Lingüística ou ao enderezo de correo electrónico [expl.probascelga@xunta.es](mailto:expl.probascelga@xunta.es), poderán, no prazo de 10 días naturais, solicitar a revisión das probas por parte da Comisión Central de Avaliación, que adoptará a resolución definitiva e comunicarlles ás persoas interesadas os criterios que determinaron a cualificación obtida.

Os resultados definitivos das probas publicaranse na web **www.lingua.gal**, no prazo máximo de catro meses desde a realización das probas.

ANEXO: listaxes por localidade.

Mediante este documento notifícaselle ás persoas interesadas o contido desta resolución, segundo o esixido no artigo 59.6 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE núm. 12, de 14 de xaneiro de 1999, corrección de erros BOE núm. 16, de 19 de xaneiro e BOE núm. 30, de 4 de febreiro).

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2016

O secretario xeral de Política Lingüística

Vicentín García Gómez

